

# EN GALEGO, POR QUE NON?

CONTRA OS PREXUÍZOS E AS SIMPLIFICACIÓNS  
SOBRE A LINGUA GALEGA

Manuel Núñez Singala



BIBLIOTECA DE  
**INTERVENCIÓN SOCIAL / DIDÁCTICA**

  
EDITORIAL GALAXIA



# Sobre simplificacións e prexuizos

Diciache que é moi fácil enganarse á hora de formarse unha opinión en cuestión de lingua. Estou seguro de que no teu caso iso será máis difícil, de feito se les este libro é porque tes interese en informarte e acumular elementos de xuízo para elaborar unha opinión propia. Unha opinión fundamentada e baseada no coñecemento e na reflexión, non unha opinión de prestado.


Para formarse unha opinión sólida sobre a cuestión que sexa cómpre evitar polo menos dúas trampas:

- As simplificacións
- Os prexuízos

Se che parece ben dedicaremos este capítulo inicial a comprender ben que son as simplificacións e que son os prexuízos. É imprescindible e asegúroche que vai ser divertido.

Empezaremos polas **simplificacións**.

Fíxate na seguinte figura. Podes contestar á pregunta de cantos cadrados hai?



# 1


## En galego, por que non?



Seguramente a túa resposta foi dezaseis. E a simple vista a resposta parece correcta.

Imos intentar profundar un pouco máis e para iso formúloche unha nova pregunta:


Cantos cadrados hai aquí?



Un. Desde logo, neste caso non hai dúbida. Hai un único cadrado.

Ten paciencia, aínda que polo momento non comprendas moi ben a utilidade dunhas preguntas que che poden parecer absurdas. Non avances páxinas, vai devagar.

Continúa coas cuestións. Cantos cadrados cres que hai agora?




Se cadra a túa resposta é catro.

Non está mal. Pero quero que te fixes en que realmente hai cinco cadrados. O cadrado grande da figura anterior segue estando aí, e hai ademais catro máis pequenos.


## Sobre simplificacións e prexuízos

# 1

Para que o entendas mellor pínchoche de verde o exterior do cadrado grande e de azul o interior dos mais pequenos:



Moi ben, agora volvo formularche a pregunta inicial: cantos cadrados cres que hai aquí?



Imaxino que a resposta agora xa non é dezaseis. Porque se te fixas un pouco verás que existen máis cadrados. O cadrado grande segue estando aí, e tamén aqueles catro cadrados medianos. Hai ademais dezaseis cadrados pequenos. Ou sexa, en total vinte e un cadrados. ( $1+4+16 = 21$ ).

Se a túa resposta foi vinte e un, os meus parabéns, trátase dunha resposta máis "profunda", máis pensada, menos simple.

Pero non é a resposta correcta porque en realidade hai aínda máis cadrados.

Fíxate ben, antes de pasar páxina, a ver cantos es quen de atopar agora que xa sabes como facelo.


# 1

## En galego, por que non?




Bótoche unha man.

No medio hai un cadrado que antes nos pasara desapercibido. Este:



De modo que xa temos vinte e dous ( $1+4+16+1=22$ )

Tamén podemos atopar outros catro cadrados que en principio non tivemos en conta, son estes:




Deste xeito xa temos vinte e seis ( $1+4+16+1+4=26$ )

Vinte e seis é unha boa cantidade. Fíxate que ao comezo só viamos dezaseis. Estabamos simplificando, faltábanos profundidade.


## Sobre simplificacións e prexuízos

# 1

De todos modos aínda hai algúns cadrados máis. Só é cuestión de mirar ben. Fíxate. Un cadrado é un polígono con catro lados iguais, e polo tanto este tamén é un cadrado:



E este:




# 1


## En galego, por que non?



E o mesmo este:



E estoutro tamén:



Non debemos quedar só coa vista do que hai na superficie.

Ou sexa que en total hai TRINTA! cadrados ( $1+4+16+1+4+4 = 30$ ).

Lembras que ao comezo só viamos dezaseis. Fágoche notar que trinta é case o dobre de dezaseis.


Ás veces pásanos o mesmo con moitas cuestións, e desde logo isto é moi habitual cando pensamos ou opinamos sobre a nosa lingua, é moi frecuente adoptar unha visión superficial, sen profundar o suficiente, e crer que o que se percibe é todo o que hai. O certo é que a realidade é case sempre menos simple do que pensamos e con frecuencia unicamente somos quen de ver unha pequena parte do total, a nosa superficialidade fainos perder aspectos moi importantes.

É moi perigoso simplificar, porque a realidade é sempre moito máis complexa do que nos adoita parecer a simple vista.

Agora xa sabes o que son as simplificacións. Non o esquezas. Ao longo deste libro necesitarás con frecuencia lembrar este xogo dos cadrados. Se queres podes telo presente tamén ao longo da túa vida, seguro que che axudará a enfrontarte a calquera cuestión con maiores posibilidades de éxito.

A segunda das trampas que tiñamos que evitar eran os **prexuízos**. Para descubrires o que son os prexuízos propóñoche o seguinte xogo:

Trátase de pintar nunha folla de papel nove puntos con esta disposición:



Ben. Agora debes intentar pasar por riba de todos os puntos con catro liñas rectas consecutivas. Consecutivas quere dicir que non podes levantar o bolígrafo do papel, isto é, as catro liñas rectas deben estar unidas.


Que tal? É difícil, verdade?

Unha pequena pista: comeza polo punto superior esquerdo.


# 1

## En galego, por que non?

Quizais intentaches facer algo así:



E décheste conta de que che faltaban dous puntos.  
Ou se cadra probaches algo así:



Conseguiches pasar por riba de todos menos un, o cal xa está mellor.

Ou quizais fuches quen de resolver o enigma enseguida. Nese caso parabéns, es unha persoa á que os prexuízos lle afectan menos que aos demais.

Se non deches coa solución probablemente sexa debido a un prexuízo. Un "pre-xuízo" é o que o seu nome indica, un xuízo previo, unha opinión inicial e equivocada que impide ver as cousas tal e como son en realidade.


O terrible dos prexuízos é que non somos conscientes deles. Están, pero non os percibimos, de aí a súa forza.



Os prexuízos fan que vexamos a realidade dunha maneira non sempre axeitada.


Neste caso trátase dun prexuízo inducido por min. É o “prexuízo do cadrado”. No xogo anterior forceite a que buscaseis cadrados e esa palabra apareceu con moita frecuencia nas páxinas anteriores. Iso fixo que ao ver estes nove puntos pensases inconscientemente nun cadrado (lembra que eu fixen referencia a nove puntos, en ningún momento falei de cadrados, pódelo reler). E ese foi o prexuízo que che impediu atopares a solución.

Mira, imos resolver o xogo. Comezamos así:



Este é o inicio correcto, pero xusto ao chegar ao punto superior dereito o “prexuízo do cadrado” fai que *vexamos* un cadrado onde só hai uns simples puntos, e debido a iso finalizemos a primeira liña recta e comecemos a segunda, impedíndonos rematar con éxito.

Se somos capaces de superar ese prexuízo e ir un pouco máis aló, veremos que a solución é doada:




# 1


En galego, por que non?

Mira que fácil é:


Paso a paso:



Terceira liña:



E finalmente:



Velaí!

Abonda con deixar atrás os prexuízos para atopar a solución. É necesario ir “máis aló”, o cal non sempre é fácil. Os prexuízos fan que percibamos de xeito equivocado. Loitar contra os prexuízos é un labor de toda a vida, un labor que non acaba nunca. Evítalos supón un grande esforzo e un exercicio de honradez que non todo o mundo está disposto a facer. Ti si, por iso segues aquí.

Lembra estes dous xogos nas páxinas que seguen, o dos cadrados para evitar as simplificacións e buscar a verdade, e o dos puntos para intentar percibir a realidade sen distorsións. Se os tes presentes serán unha grande axuda. Non os esquezas.